



"Temos menos falantes de galego pero máis conscientes e que consomen cultura de xeito moi distinto. Aí está o desafío"

[Marcos Pérez Pena](#) 8 decembro 2023

<https://praza.gal/cultura/temos-menos-falantes-de-galego-pero-mais-conscientes-e-que-consomen-cultura-de-xeito-moi-distinto-ai-esta-o-desafio>

No verán de 1963 a editorial Galaxia publicou o primeiro número de [Grial](#), unha revista cultural clave na historia do galeguismo no século XX e que neste ano [está a celebrar o seu 60 aniversario](#), unha traxectoria que poucas publicacións semellantes poden igualar. Foi nun ano, 1963, alcumado "o ano do prodixio" [nun dos últimos números publicados pola revista](#), no que tamén naceu o Día das Letras Galegas ou a Fundación Penzol. Os tempos estaban a cambiar.

Francisco Fernández del Riego -impulsor tamén do Día das Letras e [homenaxeado neste último 17 de maio](#)- e Ramón Piñeiro asumiron a dirección da publicación ata a súa remuda en 1989 por Carlos Casares. Posteriormente, Víctor Freixanes e Henrique Montegudo pasaron a co-dirixir a revista en 2002 e hai tres anos Monteagudo converteuse en director único, no último gran cambio experimentado pola publicación.

Grial suma 239 números publicados como *Revista Galega de Cultura* e prepara cambios, especialmente enfocado ao mundo dixital, nos que se insire o acordo de colaboración asinado hai uns meses pola editorial Galaxia e a Fundación Praza Pública, que permitirá a publicación en *Praza.gal* dalgún dos contidos máis destacados da publicación e tamén a realización de contidos xornalísticos propios a partir das liñas temáticas abertas por *Grial*.

Como celebración deste 60 aniversario, falamos con Henrique Monteagudo, catedrático da USC, vicesecretario da RAG e membro fundador do Padroado de Praza Pública, sobre o pasado, presente e futuro da revista *Grial*, da que é director.

Repasando a traxectoria de *Grial*, obsérvase que -por riba de mudanzas estéticas e dos obrigados cambios nos temas tratados- mantense sempre un respecto a uns obxectivos que xa están no comezo e que, de tempo en tempo, actualízanse e recontextualízanse. Cales son ao teu xuízo estes valores que atravesan a revista dende a súa fundación hai seis décadas?

O obxectivo sempre foi constituír unha canle, ser un elemento máis da construción da cultura galega, pero especificamente desde o pensamento sobre as cuestións da cultura contemporánea e da cultura galega en relación coa cultura contemporánea. Entender Galicia como parte da contemporaneidade. Dende o punto de vista histórico a función da revista cambiou bastante, se temos en conta que no momento en que aparece *Grial*, a cultura galega non dispuña de ningún órgano de expresión e era, ademais, unha cultura que nunha parte importante se atopaba no exilio. Por ese motivo, a revista tiña que converterse nese órgano de expresión e servir de ponte con estas persoas que se atopaban fóra por mor da desfeita do 36 e da ditadura.

Hoxe, evidentemente, a situación é outra, aínda que a realidade é que segue a haber por outros motivos moitos e moitas persoas da universidade e do ámbito cultura galego que non están aquí. E polo tanto *Grial* segue a cumprir ese papel de ponte. A mesma ponte que serviu no seu día para reconectar coa realidade galega a Xoán González-Millán serve hoxe para facelo con Sonia Villapol, por exemplo.

A revista nace en 1963, pero previamente -en 1951- publícanse catro números da *Colección Grial* que funciona non só como precursora da revista, senón que practicamente constituía unha publicación periódica, con edicións monográficas. Nace aí *Grial*?

Os fundadores de Galaxia, que en realidade eran o que quedaba no país do galeguismo previo á guerra, traballaban con esquemas culturais e de traballo que viñan de antes. Antes de 1936 a revista *Nós* xogara un papel absolutamente fundamental e por iso eles consideraban imprescindible crear un medio de comunicación que funcionase como órgano de expresión e que servise para crear rede a partir del. Cando crean Galaxia, esta era unha das súas prioridades. Pero como nese momento conseguir unha autorización para editar unha publicación periódica era imposible, pois o réxime non a ía conceder, a única posibilidade era crear unha colección de libros. E deste xeito quixeron eles burlar esa imposibilidade de contar cunha publicación periódica: cunha colección numerada de libros que saían dunha maneira máis ou menos regular. Pero o réxime non era tan fácil de burlar e rapidamente houbo unha reacción, que prohibiu a colección e deu lugar a aquelas frases de *“tienen faltas de ortografía en su pluma y en su alma”* ou *“hay que traerlos a Madrid para darles unha cura psicoanalítica”*.

Que cambia en 1963, nese *ano do prodixio*, como destacades no número deste ano que conmemora o 60 aniversario da revista?

En 1963 cambian algunha cousas, e unha delas é que aparece unha nova xeración que xa non viviu a República. Cambia tamén o réxime, que abandona a autarquía e comeza o 'desarrollismo' e busca o seu ingreso nos círculos europeos, o que o induce a abrir un pouco a man en certas cousas. Por exemplo, autorízase a creación de asociacións culturais, que xogaron un papel fundamentalísimo nos anos seguintes. Deste xeito, a ditadura autoriza unha publicación como *Grial*, coa condición iso si, de que a metade da revista se publicase en castelán. *Grial* foi bilingüe ata 1975 e o primeiro número integramente en galego foi o que se publicou en 1976 no 25 aniversario da morte de Castelao.

Para a xente de Galaxia, a posta de marcha da revista era un gran triunfo. Unha das súas grandes preocupacións era que a nova xeración que nacera xa na ditadura non coñecía nada do que se fixera antes de 1936. Nese primeiro número de *Grial* aparecen xa Salvador García Bodaño, Arcadio López Casanova, Xohana Torres e Carlos Casares, o que é moi significativo e anticipa ademais a importancia que nos anos seguintes vai ter o movemento estudantil da Universidade. Os anos 60 son outro tempo e nese tempo é cando *Grial* pode saír.

En 1975 non se produce un cambio de dirección na revista e tampouco muda especialmente a súa estética, pero entendo que a fin da ditadura si que introduce cambios na publicación, sobre todo nos temas tratados?

Na historia non avanza todas as cousas de forma simultánea. Por iso, o que se produce é unha especie de *décalage*, de proceso paulatino. Aínda que o relevo na dirección da revista non se deu ata finais dos 80, moito antes Ricardo Carvalho Calero -que foi unhas das persoas fundamentais nas dúas primeiras décadas da revista- comezara a pedirnos aos estudantes traballos para *Grial*. Iso dá entrada a novas xeracións e tamén leva a unha progresiva especialización, con voces expertas en temáticas específicas. Aí aparecen en Historia os Villares, en Economía os Beiras, Fausto Dopico, María Xosé Rodríguez Galdo, ou Franco Grande., e outros, dando lugar a contidos cada vez máis especializados, o que acaba sendo co paso do tempo un problema para a revista.

Un problema en que sentido?

Un problema no sentido da tendencia que nesas décadas se dá no mundo intelectual da substitución dos autores e lectores polifacéticos polas sinaturas expertas en cuestións máis concretas, que escriben progresivamente dunha maneira máis especializada, abandonando aquel esforzo da *alta divulgación*, por chamarlle dalgún xeito, de persoas que coñecían un tema e que tentaban facerse comprender e levalo a un público máis amplo.

Nos últimos anos esta situación agravouse por mor da obsesión polas métricas e as puntuacións outorgadas no ámbito académico pola publicación de traballos. Un investigador ou investigadora, para poder facer carreira universitaria, ten que publicar en revistas que teñan unha determinada puntuación e nós sempre rexeitamos a posibilidade de converter *Grial* nunha revista dese tipo, porque lle quitaría dimensión social. A consecuencia é que un autor ou autora nova sabe que publicar un texto en *Grial* lle outorga moitos menos puntos que facelo nunha revista académica que nin se vai ler en Galicia.

Por *Grial* pasaron moitas persoas nestes 60 anos, pero hai algúns nomes que deben ser destacados necesariamente, dende os Piñeiro e Del Riego, pasando por Casares, ata chegar a Freixanes, ti mesmo e Daniel Soutullo, presente tamén en varias etapas da revista ata a actualidade...

Pois si, temos primeiro a etapa da triloxía Piñeiro-Del Riego-Carvalho, aínda que este último non está formalmente na dirección, pero nesa primeira etapa é a persoa que máis artigos asinou en *Grial*, aínda que é certo que Piñeiro e Del Riego teñen moitos que non asinaron. Son as persoas fundamentais desa primeira etapa, na que se trata de reconstruír un discurso cultural especificamente galego, a reconexión da cultura galega da diáspora e a conexión con especialistas estranxeiros, como Rodríguez Lapa ou Tavani.

Que cambios introduce Casares?

En 1988 chega a remuda de Piñeiro e Del Riego, xusto cando eles acordaran, ao chegar aos 25 anos, os 100 números da revista. Aí entra Casares, que trae unha gran preocupación pola ciencia, polo pensamento e a filosofía, e con el entran no Consello de Redacción persoas como Carlos Fernández ou Xan Bouzada. Casares pensaba que a actualización da cultura galega pasaba por eses ámbitos.

Percorrendo os 239 números publicados por *Grial* nestes 60 anos obsérvase tamén unha atención continua por Europa e pola relación de Galicia co europeísmo e as correntes de

pensamento dominantes ou emerxentes no continente. Este europeísmo entendo que é o mesmo que atravesa o galeguismo histórico dende Nós e que chega ata a actualidade...

Si, concordo contigo. O europeísmo en *Grial* vai de serie, porque forma parte do ADN do galeguismo histórico do que vimos e dos que nos reclamamos. Pero xunto á atención que prestamos aos asuntos europeos, nos últimos anos vimos facendo moita énfase na conexión luso-brasileira. Somos a revista cultural galega que ten unha presenza máis notable, en calidade, de colaboradores do Brasil. Penso que fomos a primeira revista cultural galega que comezou a publicar artigos en portugués. Isto tamén vai de serie, e a proba está na relación que de sempre tivo *Grial* con Rodrigues Lapa.

En 2002 ten lugar o último gran cambio en *Grial*, a nivel estético dende logo o máis destacado. A revista échese de cor, de imaxes e, ademais, introduce novos temas e, sobre todo, unha visión máis xornalística e pegada á actualidade, comezando por un primeiro número dedicado ao *Prestige*. Os cambios foron aceptados sen resistencias por todo o mundo?

Si, de feito o primeiro número foi o *Prestige* e o segundo foi o de *Guerra e Civilización*, con Iraq de fondo. O cambio foi impulsado por Víctor [Freixanes], que quería darlle un enfoque máis xornalístico á revista e iso vese moi claramente na parte estética, cun maior despregue fotográfico. Resistencias? Non houbo resistencias internas, no Consello de Redacción, pero si é certo que algúns subscritores, que pensaban que este cambio lle restaba *seriedade* á publicación, se deron de baixa, aínda que a realidade é que o número de subscritores medrou moito.

Como se financia *Grial*? Cales son as súas fontes de financiamento?

Grial vive dos seus lectores e subscritores e ten a sorte, ademais, de que ten detrás a editorial Galaxia, que se estrutura como empresa sen ánimo de lucro, de xeito que reinveste os seus beneficios. Pero é un tanto triste que neste país as súas grandes empresas non vexan o beneficio de soste economicamente proxectos culturais como *Grial*, aínda que algunhas si o fan parcialmente a través da inserción de publicidade.

Nós temos tamén a *sorte*, entre comiñas, de que vivimos nun contexto, o cultural, no que o traballo voluntario é moi frecuente. Iso permite que saia a revista. Pero o ideal sería funcionar doutro xeito, con persoal fixo na redacción e pagando as colaboracións. Se dispuxésemos de máis recursos, iso permitiríanos publicar outro tipo de contidos.

A partir do ano 2020 quedas como director único -anteriormente compartías a dirección con Freixanes-. En que cuestións pensaban que había que incidir nesta nova etapa?

Foi un inicio complicado, porque comezamos xusto a comezos de 2020, o ano da pandemia, e ese foi o primeiro número de *Grial* que non saíu, porque tiña que ter sido enviado ao prelo a mediados de marzo, xusto cando se decretou o confinamento. E tivemos que sacar despois un número dobre. Houbo unha cuestión de relevo xeracional, de renovar o Consello de Redacción. E temos un empeño moi grande en ir cara á difusión dixital e non podemos darlle as costas. E aí insírese o acordo con Praza Pública.

Que obxectivos persegue *Grial* con este acordo de colaboración con *Praza.gal*?

Si, neste caso dáse a circunstancia de que son membro fundador do Padroado de Praza Pública e que son, ademais, director de *Grial*. E pensei que unha das vías polas que podíamos mellorar a visibilidade de *Grial* na rede era chegar a un acordo con *Praza* para a difusión de contidos e temas. E, a cambio, *Praza* pode enriquecer os seus contidos, sobre todo na súa sección cultural.

Evidentemente a aposta de *Grial* polo dixital non queda nisto e estamos a preparar algunhas iniciativas para o ano 2025.

Nestes 60 anos de historia *Grial* foise adaptando a un contexto cambiante en moitos ámbitos en Galicia. Como resumirías as principais mudanzas -a nivel cultural, lingüístico...- que se produciron e que determinan o funcionamento da revista?

Nestas décadas cambiou non só a idea de cultura galega, senón a idea de cultura, en xeral. Dunha alta cultura de libro, de papel e escrita, que era a imperante en 1951 ou 1963, pasamos a unha idea da cultura moi diferente, unha forma moi distinta de ler e a soportes moi distintos, cunha visión moi transxenérica e transemiótica, e aí é onde o dixital entra de forma fundamental. E cambiaron tamén as condicións lingüísticas: cada vez temos menos galegofalantes, pero en cambio a poboación le mellor en galego, está máis habituada a facelo. Temos menos falantes, pero falantes máis conscientes e completos e unha revista como *Grial* benefíciase disto. O que pasa é que estes falantes teñen maneiras de comunicarse e de consumir cultura cada vez máis distintos. Aí está o desafío.